



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de promoción e desenvolvemento turístico

Expediente: 2025000035016

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DE SUBVENCIONES CORRESPONDENTES AO PROGRAMA DP0040: PROGRAMA DE SUBVENCIONES A CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA REALIZAR EVENTOS DE ARTE PÚBLICA URBANA NA MODALIDADE DE PINTURA MURAL DURANTE O ANO 2026

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por acordo adoptado polo Pleno Corporativo do 8 de agosto de 2025 a Deputación da Coruña aprobou a modificación da súa Ordenanza xeral de subvencións e transferencias, cuxo texto definitivo se publicou no BOP número 185, do 29 de setembro de 2025. Así mesmo, por Resolución de Presidencia do 9 de outubro de 2025 aprobáronse as Bases reguladoras do Programa DP0040: Programa de subvencións a concellos da provincia da Coruña para realizar eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2026

A dita convocatoria foi publicada no BOP número 200 e o prazo de presentación de solicitudes finalizou o día 21 de novembro de 2025 ás 14:00 horas.

Visto que finalizou o prazo concedido aos interesados pola resolución devandita.

Vistos o informe do Servizo de promoción e desenvolvemento turístico e o informe do Servizo de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa DP0040: Programa de subvencións a concellos da provincia da Coruña para realizar eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2026, aos concellos e entidades locais seguintes:

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CONCELLO DAS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ NIF: P1507100D Cod. Exp.: 2025000047928 Obxecto: AS PONTES enPEZAS 2026	28.784,23	0,8000	35.980,29

Solicitudes	Importe subvención	Coef	Pto. Subvencionado que se ha xustificar
Beneficiario: CONCELLO DE CAMBRE NIF: P1501700G Cod. Exp.: 2025000048075 Obxecto: Cromatico Mural Fest 2026. Evento de muralismo no Concello de Cambre.	27.924,99	0,8000	34.906,24
Beneficiario: CONCELLO DE CARBALLO NIF: P1501900C Cod. Exp.: 2025000046918 Obxecto: Festival Rexenera Fest 2026	35.000,00	0,8000	43.750,00
Beneficiario: CONCELLO DE ORDES NIF: P1506000G Cod. Exp.: 2025000042944 Obxecto: EVENTOS DE ARTE PÚBLICA URBANA NA MODALIDADE DE PINTURA MURAL DURANTE O ANO 2026 NO CONCELLO DE ORDES	32.221,15	0,7886	40.858,67
Beneficiario: CONCELLO DE RIANXO NIF: P1507300J Cod. Exp.: 2025000047311 Obxecto: FESTIVAL DE ARTE PÚBLICA "VILADOMAR 2026" DE RIANXO	21.920,00	0,8000	27.400,00

Número de solicitudes concedidas: 5
Total concedido: 145.850,37 €.

Segundo.- Considerar como definitivos os orzamentos modificados de oficio naqueles casos que incluían gastos non subvencionables segundo a convocatoria. Os solicitantes poden consultar os orzamentos definitivos accedendo ao expediente telemático.

Terceiro.- Dispor o gasto das subvencións concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0510/4321/46201, por importe de: 145.850,37 €

Anular o saldo sobrante no documento contable A e no correspondente RC, por economía na concesión das subvencións

Cuarto.- Denegar a concesión das subvencións correspondentes ao Programa DP0040: Programa de subvencións a concellos da provincia da Coruña para realizar eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2026, aos concellos e entidades locais seguintes:

Solicitudes	Motivo
Solicitante: CONCELLO DE BOIRO NIF: P1501100J Cod. Exp.: 2025000048137 Obxecto: REALIZACIÓN DE EVENTOS DE ARTE PUBLICA URBANA NA MODALIDADE DE PINTURA MURAL DURANTE O ANO 2026	Tras o requirimento no que se solicitan medidas dos murais (requiridas na base 2.1), descrición de actividade de edicións anteriores para comprobar que é unha actividade subvencionable na presente convocatoria (requirida na base 3) e achega de eventos e actividades relacionadas co festival a realizar durante o ano 2026 o concello non achega ningún informe nin resposta á notificación. En base a iso non queda comprobado que a memoria e a actividade presentada sexa subvencionable na presente convocatoria polo que se descarta, de forma definitiva, a súa solicitude.

Número de solicitudes descartadas: 1

Quinto.- Publicar a presente resolución de concesión definitiva no Boletín Oficial da Provincia, co que se entenderá notificada aos interesados, de acordo co establecido no artigo 45.1.b. da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.